

SERVIZOS CENTRAIS	XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	CONCELLO DE VIGO	
-------------------	---------------------------------	------------------	---

ACTA DA REUNIÓN CELEBRADA COS REPRESENTANTES SINDICAIS, EN RELACIÓN CO CAPÍTULO I DE GASTOS DE PERSOAL DO ORZAMENTO PARA 2026 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

Data: 14.10.2025.
Lugar: Sala de reunións do segundo andar.

ASISTENTES:

Carlos Hernández Figueruelo, Xerente.
Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais

En representación do S.I.C.O.: Carlos Pérez Rodríguez

En representación da C.I.G.: Iolanda Alonso Regueiro e Belén González Ramírez

En representación da U.X.T.: Sonia Pastor Diéguez

En representación de C.C.O.O.: Manuel Córdoba Ardao

Sendo as 11:30 horas da data arriba sinalada, o xefe dos Servizos Centrais explica en síntese as variacións do capítulo I do proxecto de Orzamento para 2026, remitíndose á memoria que se inclúe no ANEXO DE PERSOAL:

“O capítulo I do proxecto de Orzamento para 2026, recolle as modificacións previstas na modificación da RPT, aprobada inicialmente na Xunta de Goberno Local de 5 de xullo de 2024 (expediente 17996/407). Ademais dalgunha modificación puntual, como pode ser a derivada do perfeccionamento de trienios, practícase ás partidas deste capítulo I unha suba xeral do 1,8%, de acordo coa suba xeral do Concello de Vigo (fixada en función da previsión de IPC para 2026). En relación coas retribucións actuais, ademais do 1,8%, está pendente a suba do 2% desde exercicio 2025 (de acordo co acordo do Consello de Ministros de 25.07.2024). Desta forma, o incremento en relación coas retribucións actuais é do 3,836 % (resultado de incrementar un 1,8% sobre unha suba previa do 2%).”

Toman a palabra os representantes sindicais, trasladando as seguintes demandas:

- 1.- A demanda da inspectora de Urbanismo, Victoria Romero, de que se lle conceda o nivel 21 do complemento de destino por ser titular dunha praza de delineante desde 1993. Explica o xefe dos Servizos Centrais que as retribucións complementarias veñen determinadas polo posto que se ocupa, non pola praza.
- 2.- Demandan tamén os sindicatos que a información retributiva se presente por servizos, para que se poida controlar se as asignacións económicas son correctas en relación cos distintos postos existentes.

SERVIZOS CENTRAIS	XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	CONCELLO DE VIGO	
-------------------	---------------------------------	------------------	---

3.- Advírtese un erro en relación coa cantidade asignada a un posto de Administrativa de Desenvolvemento urbanístico. Debe corrixirse tendo en conta o nivel 19 do mesmo. Trátase dun erro material que admite o xefe dos Servizos Centrais.

4.- Trátase a situación do Arquivo en relación coa praza vacante dun administrativo recentemente xubilado. Pretende a Arquiteira que se mellore o posto da alguacil-notificadora pola súa implicación na tramitación dos expedientes do Arquivo e demándase persoal específico para esta unidade, dado o traballo especial desenvolto. Necesítase persoal que estea disposto a mover fisicamente os expedientes.

5.- Se critica a eliminación dunha praza de arquitecto (correspondente á titular do posto de xefa do Servizo de Conservación), que se pregunta se se reconverteu na de técnica superior de urbanismo. O xefe dos Servizos Centrais afirma que o número de arquitectos é o mesmo.

6.- Critícase tamén a desaparición das prazas de topógrafo e unha de enxeñeiro de obras públicas.

7.- O representante de Comisiones Obreras manifesta que o relevante na negociación do Orzamento é si existe cobertura orzamentaria para as prazas existentes e pregunta se se amortizan prazas. O xefe dos Servizos Centrais manifesta que non se amortizan prazas: seguen sendo 110. Manifestan que é necesario incrementar a dotación de prazas nalgúns servizos. Apúntase a posibilidade legal de aumentar a plantilla, seguindo o previsto pola Ley de Orzamentos Xerais de 2023. O xefe dos Servizos Centrais apunta que a transferencia do Concello solo permite o incremento retributivo lineal previsto para o conxunto do Concello de Vigo.

8.- Tamén se expón a necesidade de incrementar o gasto de formación e da súa utilización efectiva, que responda as necesidades específicas do persoal de Urbanismo. Quédase en formar unha comisión de formación que propoña un plan de formación. O xefe dos Servizos Centrais cree que as mesmas comisións do Comité de Persoal poden tratar estas necesidades específicas da Xerencia, como se fai no reparto do fondo social. O Xerente apoia a iniciativa coa condición de que se garanta a igualdade de acceso ós cursos por parte do todo o persoal.

9.- Se pregunta pola xefatura de inspección. Se encontra orzamentado segundo manifesta o xefe dos Servizos Centrais.

10.- Tamén se solicita unha partida para o desenvolvemento da carreira profesional e a equiparación do ordenanza cos alguacís – notificadores, toda vez que desenvolve tamén estas funcións (aínda que sexa de forma esporádica). O xefe dos Servizos Centrais lembra que existe unha partida para adecuación dos postos, cuestión que se debe tratar nas propostas de modificación da RPT.

Conclúese co voto favorable dos sindicatos e a abstención da CIG.

Sen máis asuntos a tratar, péchase a sesión as 13 horas do día arriba indicado.